



MENSAXE DO SÍNODO Á VIDA CONSAGRADA

Os membros da Asemblea Sinodal damos grazas a Deus polo testemuño de radicalidade evanxélica, tenrura e entrega dos consagrados e consagradas que, acollendo a chamada de Deus sodes Evanxeo vivo que se actualiza continuamente con formas diversas (cf. LG 46) e alento de santidad para esta Igrexa en Ourense.

Bendicimos a Deus polos múltiples carismas cos que o Espírito vos converte nunha forza evanxelizadora, a través das vosas institucións ao servizo dos pobres, os enfermos e excluídos pola sociedade, e a través da educación en valores humanos e cristiáns das xeracións máis novas, así como da vosa implicación nas tarefas parroquiais. Este dinamismo profético da vosa vida apostólica non sería posible sen a dimensión orante e fraterna que vivides diariamente nas vosas comunidades e institutos. Tamén os monxes e monxas contemplativos formades parte desta Igrexa particular, da que sodes como a alma de toda a súa acción pastoral e fermento da súa fecundidade. Unha e outra, vida activa e contemplativa, sodes pasado, presente e futuro desta Diocese auriense co voso testemuño de oración, de amor fraterno, de solidariedade samaritana e co voso compartir xeneroso. Con palabras de san Xoán Paulo II tamén nós recoñecemos que *non soamente tedes unha historia gloriosa para lembrar e contar, senón unha gran historia que construír* (VC 110).

Desde os seus inicios acollestes con gozo a chamada para participar no Sínodo Diocesano, e tivo como resposta a vosa presenza en grupos e asembleas achegando experiencias do pasado, vivencias no presente e esperanzas do futuro; ademais de poñer as vosas instalacións ao dispor dos traballos sinodais en tantas ocasións. Agradecemos o sentirvos tan preto durante este camiño sinodal e somos conscientes de que despois desta experiencia, e mirando ao futuro, xuntos poderemos discernir os camiños do Espírito para seguir facendo convosco cousas grandes.

As proposicións sinodais son sendas deste camiño compartido que como Igrexa diocesana tamén vós estades chamados a acoller e percorrer

desde a vivencia do propio carisma, servindo así á renovación pastoral e misioneira da Igrexa de Deus que peregrina por estas nobres e marianas terras de Ourense. Necesitamos que deades cor e forma a estas proposicións desde a vosa identidade carismática, axudándonos a todos a seguir a Xesucristo e a facer do Evanxeo a nosa regra de vida, para que xuntos busquemos a Deus e sirvamos mellor aos irmáns. Coñecemos as dificultades cotiás que afrontades cunha diminución de vocacións e o envellecemento das vosas comunidades, pero co papa Francisco, recoñecemos tamén *que aí se levanta a nosa esperanza, froito da fe no Señor da historia que mediante o Espírito condúcenos cara a el.*

Que alentados por este mesmo Espírito, alma da misión evangelizadora da Igrexa, a Vida Consagrada, os presbíteros e os laicos mostremos ao mundo o rostro dunha Igrexa acolledora, plural, alegre e portadora de esperanza para o mundo e, de modo especial, para os máis vulnerables e necesitados.

Camiñemos xuntos.